

BANDO

D. ALFREDO GARCÍA RODRÍGUEZ, ALCALDE PRESIDENTE DESTE CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS,

FAI SABER:

Chega o Entroido, cheo de manifestacións festivas, ledicia e alboroto nas que todos, grandes e pequenos, desfrutan duns días de diversión. Os máis, coas manifestacións tradicionais propias do noso pobo, e outros con novas actividades que, na súa meirande parte, son respectuosas e acordes coa celebración. Pero nos últimos anos estase a dar unha nova forma de diversión, fundamentalmente entre os máis xovenes, consistente en lanzar ovos crustanto ás persoas como contra escaparates e mobiliario urbano.

Este tipo de actuacións rompen non só coas nosas costumes nas que os ovos nunca estiveron presentes- senón tamén coa normal convivencia dos cidadáns. Non aportan nada ao noso Entroido, salvo molestias, sucidade e danos tanto nos bens públicos como nos privados. Actitudes deste tipo tampouco entran dentro do respecto que ten que haber entre uns e outros en todos os aspectos da vida, e máis no Entroido, no que a diversión debe ser compartida por todos para ser de verdade.

Por todo elo, espero que, neste días tan especiais, os nosos veciños podan divertirse cumprindo coas mínimas regras de convivencia e facendo compatible esa diversión cos dereitos de todos os cidadáns. Pido, polo tanto, que todos colaboren para que as actividades festivas se desenrolen nun clima de concordia e de respecto aos bens privados e municipais, e se evite encher as nosas rúas de sucidade. Neste senso, resulta conveniente erradicar a práctica de tirar ovos crus na vía pública ou contra os bens públicos e privados. Esta práctica é contraria ás ordenanzas municipais, e este Concello non quere, nunhas datas tan festivas, ter que facer uso de ningún tipo de sancións.

O Barco de Valdeorras, Marzo de 2011
O ALCALDE

Dentro do ambiente festeiro e transgresor que é o Carnaval, dende o Concello pregamoslle a xente xove que sexa respectuosa cos veciños e cos bens tanto públicos como privados. En todo caso recordar que temos unha Ordenanza Municipal de Policía, bo Goberno e Convivencia, na que no seu capítulo 9, art. 46, apartado D, dice: en particular prohibense as seguintes conductas na vía pública ou nos espazos públicos: realizar actividades ou xogos nos espazos públicos que, polas características destes ou do material empregado, poidan molestarlles aos demais usuarios/as dos espazos públicos ou causar danos. Agardando que todos/as respectemos o disposto na ordenanza, desde o Concello de O Barco desexámosvos un feliz entroido.

Entroido 2012

O Barco de Valdeorras

Entre os días 17 e 21 de febreiro terán lugar as **XIII Xornadas Gastronómicas do Entroido**, en varios restaurantes do concello, que organiza AEVA en colaboración co Concello do Barco.

- ❖ **Domingo 19 febreiro.** A partir das 17,30 h. haberá un baile de carnaval no Pavillón Vello, con entrada libre.
- ❖ **Luns 20 febreiro.** A partir das 17,30 h. na praza Maior, karaoke infantil.
- ❖ **Martes 21 febreiro.** A partir das 17,30 h. Desfile de comparsas, folións e disfraces desde a av. Conde Fenosa (diante do Hospital Comarcal) ata a praza Maior onde terá lugar o baile amenizado por una discoteca móbil.
- ❖ **Mércores 22 febreiro.** A partir das 20,30 h. Enterro da Sardiña pola praza Maior e as rúas de San Mauro e Real.

Resumo das bases para o concurso de comparsas:

- 1/ Poderán participar comparsas de 10 ou máis persoas que teñan formalizado a súa inscrición previamente, dirixíndose ao Servizo Municipal de Cultura ata as 12 horas do día 21 de febreiro de 2012, facendo constar os datos da agrupación e da persoa que asume a representación da mesma.
- 2/ Establécense premios á participación ata un total de 5000 euros, a distribuír segundo o número de integrantes de cada comparsa: Comparsas de 10 a 20 persoas (150 €), de 21 a 30 (200 €), de 31 a 40 (250 €) e de 41 persoas en diante (295 €).



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura

coa colaboración de



o barco aberto
contra a comunidade



2012

Entroido no Barco

19 / 22 Febreiro



XIII Xornadas Gastronómicas

Do 17 ao 21 de febreiro do 2012



XIII XORNADAS GASTRONÓMICAS DO ENTROIDO

Do 17 ao 21 de febreiro do 2012

Restaurante Fernando III

Avda. Conde Fenosa, 61
Teléfono: 988 32 03 71

PRIMEIRO: Polbo en allada con grelos ou fabas con ameixas ou Ibéricos.
SEGUNDO: Bacallau á cazola con pataca panadeira en salsa á biscaíña ou cocido completo ou entrecosto.
SOBREMESA: Típicos do Entroido.
VIÑOS: Mencía e godello, café e licores.
Prezo: 20,00 €

Restaurante San Mauro

Praza da Igrexa, 11
Teléfono: 988 32 01 45

PRIMEIRO: Filloas enchidas de cocido. Ensalada temperada de Entroido.
SEGUNDO: Chuletón de boi.
SOBREMESA: Filloa de chocolate.
Prezo: 20,00 €

Cafetería Despiste

Abdón Blanco, 9
Teléfono: 988 32 26 51

PRIMEIRO: Caldo ou sopa de cocido ou empanada de zorza.
SEGUNDO: Cocido con chourizo, lacón, orella, pata, morro, carne cocida e botelo con patacas e grelos.
SOBREMESA: Feixóns ou orellas de Entroido.
VIÑOS: Godello ou mencía, café e licores.
Prezo: 15,00 €

Restaurante Santa Ángela

R/ Valle Inclán, 1
Teléfono: 988 32 73 97

MENÚ DE ENTROIDO:
Menú especial Santa Ángela Entroido (con marisco).
Prezo: 20,00 €

Casa Galaica

Eulogio Fernández, 27
Galerías Siglo XXI
Tlf.: 988 34 72 35

MENÚ DE ENTROIDO:
CONSULTAR MENÚ

Pazo do Castro

R/ Lg. O Castro.
Teléfono: 988 347 423
info@pazodocastro.com
www.pazodocastro.com

(Grupos ou comparsas consultar prezos especiais)

APERITIVO: Tartaleta Gratinada de queixo e Espinacas.
Tosta con Lacón.
PRIMEIROS: Milfollas de cogomelos e pementos con crema de Queixo en Bouquet de Leitugas.
Filloa enchida de Lacón con Grelos gratinada con Queixos Galegos.
Salteado de Polbo, Gambas e Pementos do Bierzo sobre Pan de Pobo.
SEGUNDOS: Bacallau ao Forno.
Androlla con Verdura e Pataca.
Xabarín con Castañas.
SOBREMESA: Variado de Entroido (Florón de Carnaval, Orella e Torrada)
BODEGA: Viño Godello e Mencía
Auga, Café e Licores da Casa
Prezo: 20,00 €

Nobuk Café

Avda. Conde Fenosa, 11
Teléfono: 988 68 42 03

MENÚ DE ENTROIDO:
CONSULTAR MENÚ

Asador de Viloirá

Praza Otero Pedraio, 13
Teléfonos: 988 32 21 52
988 32 09 56

XANTAR: Callos de porco con garavanzos
Cocido galego
Torta da casa
Viño e café
CEA: Sopa de Cocido
Lacón asado con pementos
Torradas de pan
Viño e Café
Precio: Xantar: 9,00 € - Cea: 9,00 €

ESPECIAL PINCHOS ENTROIDO

ESTABLECEMENTO E DIRECCIÓN	PINCHOS
Nobuk Café Avda. Conde Fenosa, 11	Pincho Entroido Nobuk
La Maltería Praza Andrés de Prada, 4	Pincho especial Entroido "Maltería"
Bar Lola Rúa Lugo, 5	Pincho de chourizo
Vinum Rúa Academia Dequidt, 3	Pementos do piquillo cheos de Lacón
Fernando III Avda. Conde Fenosa, 61	Orella ,morro e fabas con ameixas
Cafetería Crip Paseo do Malecón/ Esq. Abdón Blanco	Entroido Crip
A Cova Praza José Otero	Torrada de marmelada de cebola con chacina.
El Sueño Húmedo Praza José Otero	Queixo do país sobre Tosta de Raxo
La Pampa Praza José Otero	Pincho Entroido Pampa
Bar San Cristobal Praza Otero Pedraio,13	Pinchos Variados de Entroido
Cafetería Despiste R/ Abdón Blanco, 9	Pincho de cocido
Café-bar Lisboa R/ Conde Fenosa,10	Torradas enchidas de zorza
San Mauro Praza da Igrexa, 11	Piruleta de Entroido
Casa Galaica R/ Eulogio Fernández, 27	Pincho de Entroido
Pazo do Castro R/ Lg. O Castro	Tosta con pementos asados e zorza
Cafetería Olimpo R/ Marcelino Suárez, 21	Delicias de porco con grelos
Cervecería Guigurri R/ Paseo do Malecón, 1	Chourizo á importancia
Restaurante Santa Ángela R/ Valle Inclán, 1	Delicias de porco